


# CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

12 – 13 de setembro do 2020

XXIV DO TEMPO ORDINARIO



NON MÁIS  
VIOLENCIA  
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA  
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



## 1.- ENCONTRO EN FAMILIA

### SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *Amigos nas penas*

*Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para celebrar a fe en familia, e facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

O tema central da nosa celebración de hoxe é o perdón. Moitas veces dicímoslle a Deus “perdoa as nosas ofensas”, pero parece que nos esquecemos de que continúa: “como tamén nós perdoamos...”.

Por iso é bo que escoitemos a parábola que hoxe nos conta Xesús respondendo á pregunta de Pedro.

Na nosa forma de ser e de pensar, nós sempre merecemos o perdón, tanto o de Deus como o dos demais. Podemos equivocarnos e cometer erros na nosa vida, e esperamos ser comprendidos e aceptados de novo por todos.

Pero cando son os outros os que se equivocan ou teñen un erro para con nós, como actuamos? Perdoámoslos ou máis ben pedimos explicacións e os apartamos da nosa vida?

Atopémonos agora con Xesús e aprendamos a perdoar e a acoller dende este fogar como El fai connosco.

## ACTO PENITENCIAL E COMPROMISOS

**Celebrante:** *É momento de acercarnos ao Pai Deus, que sempre nos espera cos brazos abertos, que non leva contas dos nosos erros, e que nos quere como fillos seus. Así confiados pedimos o seu perdón:*

### **Monitor/a**

- Polas moitas veces que nos pomos diante de Ti e pedimos o teu perdón, pero non somos capaces de perdoar a que nos ofende

**PERDÓANOS SEÑOR**

- Polas veces que somos intransixentes cos erros dos outros e somos incapaces de pedir perdón polos que nós cometemos

**PERDÓANOS SEÑOR**

- Polas veces que non medimos a todas as persoas da mesma forma e facemos distincións

**PERDÓANOS SEÑOR**

**Celebrante:** *Deus todopoderoso teña piedade de nós e dos que teñen lugar no noso corazón e nosa vida. A todos o Señor nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Confiamos nas mans do Pai a nosa oración e pedimos ser parte da súa familia sentíndonos perdoados e acollidos por El.*

*E temos un especial recordo para con todas as familias que perderon o que nin tiñan no campo de refuxiados de Moria ao arder esta semana*

*(silenzo)*

Deus, Noso Pai, Creador e Señor do universo, óllanos con bondade, e fai que experimentemos o poder da túa misericordia, para nos dedicarmos de todo corazón a facer realidade o evanxeo. Pedímoscho por Cristo, Noso Señor. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)**

**Monitor/a:** *A parábola do servo debedor quere mostrarnos como temos que actuar nós con respecto aos outros: non fagas a ninguén o que non queres que te fagan a ti. E na primeira lectura váisenos dicir: “perdoa a ofensa ao teu próximo e cando reces os teus pecados serán perdoados”.*

## LECTURA DO LIBRO DO ECLESIAÍSTICO

Xenreira e asañoamento son de aborrecer; o pecador é quen os posúe.

Quen fai vinganza atoparase coa vinganza do Señor, pediralle razón estreita dos seus pecados.

Perdóalle a inxuria ao teu próximo e entón ao pregares seranche perdoados os teus pecados.

Home que lle garda a outro xenreira, como lle vai pedir ao Señor que o cure?

De alguén que é coma el non se apiada, e vai rogar polos seus pecados?

Se el, que é carne, mantén a ira, quen lle vai expiar as súas culpas?

Pensa na fin e deixa de asañoarte, recorda a corrupción e a morte e cumpre os mandamentos.

Lembra os mandamentos e non rifes co próximo, recorda a alianza co Altísimo e non deas valor á falta.

Tente lonxe das rifas e minguarás os pecados pois é o home iracundo quen acende as liortas e o home peccadento quen perturba aos amigos metendo a disputa entre os que se levan ben.

### Palabra do Señor

♪ n°3 Unha xuntanza de amor

SALMO

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela, Pedro, achegándose a Xesús, preguntoulle:

-Señor, cantas veces terei que perdoar a meu irmán se me segue ofendendo? Ata sete veces?

Respondeulle Xesús:

-Non che digo ata sete veces, senón ata setenta e sete.

Por iso, o Reino dos Ceos é semellante a un rei que quixo facer as contas cos seus criados. Cando empezaba, presentóuselle un que lle debía varios millóns. E como non tiña con que pagar, o señor ordenou que o vendesen a el con muller, fillos e canto tiña, para que así lle pagase.

O servidor botóuselle aos pés e suplicáballe:

-¡Ten paciencia comigo, que cho hei pagar todiño!

O rei tivo pena daquel home e deixouno marchar, perdoándolle toda a súa débeda.

Pero, ao saír, o criado aquel atopouse cun compañeiro que lle debía unha insignificancia e, agarrándoo pola gorxa, esganábao dicíndolle:

-Paga o que me debes.

Botándose aos seus pés, o compañeiro suplicáballe:

-Ten paciencia comigo, que cho hei pagar todo.

Pero non lle fixo caso e, aínda para máis, mandouno meter na cadea ata que lle pagase a débeda.

Os compañeiros, ao veren tal cousa, moi apesados, fóronlle contar ao rei todo o que pasara. Entón o rei mandouno chamar e díxolle:

-¡Criado malvado! Eu perdoeiche toda aquela débeda, porque mo pediches. E logo non debías ti tamén compadecerte do teu compañeiro, como eu me compadecín de ti?

E todo anoxado, o rei entregouno aos verdugos ata que lle pagase toda a débeda.

Así tamén fará convosco meu Pai celestial, se non perdoades de corazón cada un a seu irmán.

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



(en pé)

### PROFESIÓN DA FE

**Celebrante:** *Neste encontro familiar, querendo ser crentes e cribles, damos razón da nosa fe:*

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

#### ***Monitor/a***

***Credes en Deus, no Deus que é Pai e Nai, que nos creou á súa imaxe e que nos ama, e que pon nas nosas mans facer xa na terra a súa comunidade de amor?***

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

***Credes en Xesús, que nos convida a ser vida para os demais, que nos alenta a camiñar sen medos á hora de perdoar e pedir perdón?***

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

***Credes no Espírito Santo, que se fai realidade no noso corazón e que o enche de amor para que vivamos en familia como verdadeiros irmáns?***

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

***Credes na igrexa, fogar dos fillos de Deus, que quere ser luz na escuridade, esperanza na tristura e ilusión de lograr un mundo mellor para todos sen desigualdades?***

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***



## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *Movidos pola fe, hoxe queremos rezar polos homes e mulleres que están necesitados de atención e acollida, e facémolo dicindo:*

**Señor, acolle ao teu pobo**

**Monitor/a**

1. Pola igrexa, para que saiba amosar a compaixón e a misericordia de Deus, perdoando e acollendo a tantas persoas que cometen equivocacións, sabendo que ela mesma é a primeira que ás veces se equivoca, oremos
2. Polos Cotos, para que todos sexamos xenerosos e solidarios nas nosas relacións, tendo en conta que só dende o perdón e a reconciliación, seremos quen de facer unha mellor humanidade, oremos
3. Polas persoas que teñen responsabilidades públicas e civís, para que axuden a construír un mundo mellor para todos os refuxiados, oremos
4. Por nós, para que nestes tempos de pandemia, sexamos responsables e coherentes coa nosa fe dando exemplos para o coidado da nosa saúde e da de todos cos que tratamos, tendo sensibilidade para recoñecer os nosos erros e pedir perdón, oremos

**Celebrante:** *Grazas Señor porque sabemos que sempre acolles as nosas preocupacións e desexos se chos pedimos con fe a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

## 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS EN FAMILIA

### NOSO PAI

**Celebrante:** *Hoxe deámoslle sentido a esta oración que tantas veces rezamos con rutina e na que pedimos perdón se nós mesmos tamén perdoamos:*

*NOSO PAI ...*

### SIGNO DA PAZ

**Celebrante:** *Sen perdón non hai paz. Esqueizamos todo aquilo que levamos dentro en contra de alguén, perdoemos de corazón, e sexamos acolledores. Cun corazón novo polo perdón dado e recibido saibamos facer paz na nosa vida.*

### NON COMULGAMOS

### PERO ESTAMOS EN COMUÑÓN

**Celebrante:** *Xesús acóllenos hoxe a todos neste seu e noso fogar, e dános o seu perdón esixíndonos tamén o noso perdón para cos demais.*

*Ditosos nós que hoxe fomos chamados a comprometernos para facer realidade o seu Reino entre nós.*

 ***Na tardiña baixa da vida***

#### 4.- AVISOS E DESPEDIDA

##### ORACIÓN FINAL

**Celebrante:**

Oremos:

Señor,  
ti concediches a túa Igrexa os dons eternos.  
Axúdanos a medrar no evanxeo,  
de xeito que con palabras e feitos  
sexamos testemuñas da vida  
de Xesucristo noso Señor. Amén

*Xesús, á nosa beira, espera que deamos exemplo del nas palabras que non calan á hora de perdoar e pedir perdón, e, á nosa beira, espera que deamos exemplo del na tolerancia e no respecto con quen vive, pensa o cre diferente.*

*Que a celebración que agora rematamos nos dea azos para vivir dende a compaixón e o perdón, e non dende a intolerancia e a vinganza como nos recordou Xesús na parábola do evanxeo de hoxe.*

***Que teñamos un bo día, unha boa semana, e que o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.***



**“Non che digo sete veces, senón setenta veces sete”**

*Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe.*